



A BULIMIA

A bulimia é un problema grave e que cada vez se está a dar máis en Galicia. Só hai un centro público para o seu tratamento, está en Santiago. Xa se deron casos de nenos/as de oito anos afectados.

O 5% da poboación galega, máis de 135.000 persoas sofre anorexia ou bulimia, segundo a Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia (ABAGAL). Deles só o 1% padece bulimia, fronte á maior incidencia da anorexia.

A súa curación non é fácil, pois en Galicia só existe un centro público especializado, Conxo, en Santiago de Compostela, onde, segundo ABADAL os traballadores padecen a "saturación" e a "precariedade". Por iso reclamaron á Xunta a posta en marcha de tres unidades en Pontevedra, Ourense e Lugo. Só o pasado ano os centros sanitarios de Galicia atenderon entre 1400 e 1500 persoas por esta enfermidade. Ante esta situación, a administración autonómica anunciou que a finais de mes os afectados dispoñerían dun piso para se aloxar, xunto cos seus familiares, en Santiago, mentres dure o seu tratamento, unha noticia que agradeceu a secretaria de ABAGAL, Dora Sarmiento: "intentamos que os enfermos teñan onde ir, e formar a familia para seguir o tratamento na súa casa".

En canto ao perfil dos afectados, a asociación asegura que é xente nova, aínda que aumenta o número de pacientes maiores de 30 anos. A pesar desta tendencia, os expertos aseguran que en Galicia se chegaron a tratar casos de nenos de oito anos.

NATALIA PENAS MATO, B1C

OS EFECTOS DAS DROGAS

Eu penso que o tráfico de drogas non debería existir, porque cada día morre máis xente, e a maioría dos que trafican non as consomen, véndenas pero non as toman porque saben as consecuencias.

Algunhas das máis destacadas son:

- Provoca bronquite por irritación e inflamación dos bronquios.
- Cerra os bronquios, provocando e impedindo a saída do aire, polo que causa dificultade respiratoria.
- A destrución dos cilios permite a acumulación de moco nos pulmóns.
- A maioría dos cancros de pulmón.
- Dana as arterias do corazón.
- Aparecen úlceras gástricas e duodenais.
- Produce cancro de boca e larinxe.
- Amputacións de pernas non traumáticas.
- Lesións cerebrais e demencia...

Isto tan só é o que produce o tabaco, e as drogas aínda son moito peores.

LEE-ANN SARA GRACE

O GALEGO



Neste número de INTRES imos defender o galego porque é o noso idioma.

Non sei se vos acordades que o ano pasado os alumnos firmamos un papel polo que pasaba con Salvat-Bruño. Se non queremos que iso volva pasar, temos que demostrar que a Lingua Galega tamén é unha Lingua, e que non é unha "paranoia" que inventamos, ou en todo caso que inventaron os nosos antepasados.

Agora os rapaces novos e non tan novos empezan a falar castelán coas seguintes escusas:

- Os meus compañeiros fálanos.
- A miña moza fálaos.
- Os meus pais fálanos.
- Simplemente, paréceme "pijo".

Eu creo que isto non son escusas e se vós o credes estades equivocados, porque o galego, tarde ou cedo, hase poñer de moda, aínda que en Galiza xa está.

Se vós, lectores de INTRES, opinades igual ca min, animade a aqueles que non opinen así a: falar, ler, cantar, xogar, chatear, ligar, pelexar, pero en galego.

Pou unha Galiza Galega

LEE ANN SARA GRACE, S2C